

0
2. Que no seu día se asinou o correspondente acordo transaccional.

3. Que os danos que requiriron estimación directa, de acordo co disposto no artigo 4 do Real decreto 1.053/2003, do 1 de agosto, ascenden á cantidade de

4. A data deste documento entenderase que é a da súa devolución ó Ministerio de Facenda, unha vez asinado polo/os damnificados, mediante a súa presentación en calquera dos rexistros a que se refire o artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

5. O Instituto de Crédito Oficial, de conformidade co disposto no artigo 6 do Real decreto lei 4/2003, do 20 de xuño, comprométese a aboa-la contía sinalada no expoñendo deste acordo. Para estes efectos, e en virtude do artigo 6 do Real decreto 1053/2003, do 1 de agosto, unha vez formalizado este acordo coa sinatura do ministro de Facenda e do representante do Instituto de Crédito Oficial, o ministro de Facenda instruirá debidamente o ICO, no prazo máximo de desde a data deste acordo, indicando a conta bancaria designada polo interesado. O pagamento polo ICO será realizado dunha soa vez, no prazo máximo de desde a data da instrucción polo Ministerio de Facenda.

6. No caso de que o/os damnificados formalizasen un préstamo co ICO e constituísen a garantía de que a dita entidade se subroga no dereito a percibi-la indemnización, recibirán do ICO carta de pagamento polo principal e xuros do préstamo no importe correspondente ó da indemnización, aboando o remanente ou diminuíndo o importe do préstamo, segundo proceda en cada caso.

Ministro de Facenda Instituto de Crédito Oficial O/Os Damnificados

MINISTERIO DE ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

1735 *ORDE APU/126/2004, do 23 de xaneiro, de desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais.* («BOE» 26, do 30-1-2004.)

O Real decreto 835/2003, do 27 de xuño (BOE n.º 166, do 12 de xullo), substituíu o Real decreto 1328/1997, do 1 de agosto (BOE n.º 199, do 20 de agosto; corrección de erros no BOE n.º 215, do 8 de setembro), como norma regulamentaria sobre cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais, elaborándose sobre a base do principio xenérico de cooperación recollido nos artigos 55 e 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, exercido con respecto á autonomía, constitucionalmente garantida, que posúen os entes locais no desenvolvemento das súas competencias para a prestación dos servizos que teñen encomendados.

O citado real decreto presenta, respecto do seu antecesor, modificacións que tentan amplia-lo ámbito da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais, ben como lograr unha maior axilidade no procedemento de concesión, execución e pagamento

das subvencións ás entidades locais no marco dos plans provinciais e insulares de cooperación e das intervencións comunitarias cofinanciadas polo Estado a través do programa de cooperación económica local; supondo a súa principal novidade a extensión desta cooperación económica estatal a novos ámbitos de actuación coa inclusión de achegas ós denominados proxectos singulares en materia de desenvolvemento local e urbano que buscan cofinanciar investimentos destinados á consecución de efectos socioeconómicos dinamizadores impulsando actividades e prestando servizos públicos tendentes a satisfacer as aspiracións da comunidade veciñal.

A súa disposición derradeira primeira faculta o ministro de Administracións Públicas para dictar, no ámbito das súas competencias, as normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento do previsto nel, sendo o principal obxectivo a eficaz aplicación do disposto no real decreto, procurando a máxima concreción dos preceptos establecidos para evitar dilacións na xestión dos procedementos de concesión das subvencións.

Ó abeiro desta autorización, e co obxecto de alcanzar os fins aludidos, apróbase esta orde, do contido da cal se salientan as seguintes materias: en primeiro lugar procédese, dentro do previsto con carácter xenérico para a cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais, a detalla-la súa estrutura desenvolvéndose o relativo á enquisa de infraestrutura e equipamentos locais; establécese, en segundo lugar, o bloque normativo relativo ós plans provinciais e insulares de cooperación que recolle un amplo conxunto de ítems que abranguen desde as condicións que deben reunir os ditos plans para obterer a subvención do Estado ata a aplicación dos remanentes que se poidan xerar, mediante a aprobación dos plans complementarios regulados nun epígrafe propio; indícase, pola súa vez, o contido e a información que os plans provinciais e insulares de cooperación e, se é o caso, os antes citados plans complementarios, deben recoller, ben como os requisitos para a súa remisión; concrétnanse aspectos relativos ás peticións de prórroga tanto para a adxudicación como para a execución das obras e determínase igualmente o procedemento para o pagamento das subvencións, o contido da información semestral sobre o estado da execución das obras e a presentación da liquidación dos citados plans.

Igualmente, fíxanse os criterios que se deben seguir no marco das intervencións comunitarias cofinanciadas polo programa de cooperación económica local.

Dentro do ámbito relativo ós proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano determínanse as características destes, ben como as condicións que deben reunir e a documentación que deben conter, realizándose unha regulación dos prazos de adxudicación e execución e as posibles prórrogas que sobre eles se poidan conceder; determínase, alén do contido que debe presentala información sobre o estado de execución das obras, o procedemento para o libramento das subvencións e a súa xustificación, e establécese, igualmente, a composición e funcionamento da comisión de valoración que elevará a proposta de resolución correspondente ó secretario de Estado de Organización Territorial do Estado.

Dentro do desenvolvemento das disposicións adicionais do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, e en consonancia co recollido respecto á contribución estatal ó Plan Único de Obras e Servizos da Comunidade Autónoma de Cataluña, inclúense epígrafes para o desenvolvemento das particularidades propias desta actuación.

A presente orde ministerial inclúe epígrafes que complementan o establecido na disposición adicional cuarta relativa á utilización de medios electrónicos, informáticos

e telemáticos co obxectivo de responder ó principio constitucional de eficacia no funcionamento da Administración pública; neste sentido, e co obxecto de facilitar a tramitación das axudas, na orde inclúense os seguintes anexos, que serán cubertos polas entidades beneficiarias das subvencións: no anexo I recóllese unha serie de modelos normalizados de documentos para a xestión das subvencións nos tres ámbitos de actuación definidos; no anexo II recóllese as táboas de códigos correspondentes ós cabidos e consellos insulares; no anexo III recóllese as instrucións para a codificación das obras e servizos, xa que tódolos proxectos deberán ter, alén dun número correlativo de identificación, un código de referencia, segundo a clase de uso ou servizo público a que as obras sexan afectadas; no anexo IV recóllese os códigos das entidades supramunicipais.

En uso das atribucións que me foron conferidas na disposición derradeira primeira do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, logo de informe da Comisión Nacional de Administración Local, dispoño:

I. Da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais

Primeiro. Contido da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais.—Dentro do marco da cooperación económica do Estado poderanse incluír, ó abeiro do disposto no artigo 3 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, os seguintes investimentos:

1. Os incluídos nos plans provinciais e insulares de cooperación nas obras destinadas á prestación dos servizos de competencia municipal.

2. Os destinados ás obras de conservación e mellora da rede viaria de titularidade das deputacións provinciais, podéndose destinar para o financiamento destes investimentos ata o 30% da subvención do Estado concedida ó plan provincial e insular de cooperación.

3. Os relativos ás obras e servizos de competencia municipal incluídos nas distintas intervencións comunitarias aprobadas pola Comisión da Unión Europea cofinanciadas polo programa de cooperación económica local do Estado.

4. Os afectados a proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano aprobados polas entidades correspondentes.

Segundo. Enquisa de infraestrutura e equipamentos locais.

1. Para a actualización dos contidos e mantemento da enquisa de infraestrutura e equipamentos locais (EIEL), prevista no artigo 4 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, constituirase un grupo de traballo integrado por técnicos expertos na materia.

2. Poderán formar parte do citado grupo de traballo funcionarios da Dirección Xeral para a Administración Local, representantes das corporacións locais elaboradoras da enquisa, representantes das comunidades autónomas interesadas e, se for o caso, técnicos de institucións relacionadas coa enquisa.

3. Os membros do grupo de traballo serán nomeados polo director xeral para a Administración Local. No caso dos representantes das corporacións locais, por proposta da asociación de entidades locais de ámbito estatal con maior implantación, e para os representantes das comunidades autónomas e institucións, por proposta delas.

4. O grupo de traballo determinará, entre outros temas, os contidos mínimos da enquisa, as prescricións técnicas do modelo de datos, o cuestionario e manual para a recolla da información no campo; definirá a infor-

mación cartográfica, as validacións e normas para a remisión dos datos. Así mesmo, establecerá a periodicidade de actualización da información, ben como as recomendacións dos sistemas de actualización e mantemento da enquisa.

As anteriores determinacións serán elevadas á Dirección Xeral para a Administración Local, para a súa correspondente aprobación.

5. Corresponde á Dirección Xeral para a Administración Local, ademais do indicado no número anterior, dentro da súa función de coordinación, comunicar ás entidades elaboradoras da enquisa a data de inicio dos traballos e finalización, ben como os prazos de entrega da información. Da mesma forma prestará asesoramento técnico e colaboración económica para a súa realización.

Este órgano directivo supervisará a información facilitada polas entidades elaboradoras da enquisa, tanto a parcial, cuestionarios e cartografía, como a total, e, se for o caso, realizará mostraxes dos traballos de campo, co obxecto de determinar a calidade da información.

6. As entidades elaboradoras da enquisa serán responsables dos traballos relativos á recolla, gravación e validación da información, a fin de lograr a máxima fiabilidade e poder constituí-lo instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións das entidades locais, para a elaboración, entre outros, dos plans e programas de cooperación económica local. Os datos das actualizacións da enquisa serán remitidos polas entidades elaboradoras á Dirección Xeral para a Administración Local para a súa incorporación á base de datos locais.

II. Plans provinciais e insulares de cooperación nas obras e servizos de competencia municipal

Terceiro. Distribución territorial das subvencións do Estado destinadas ó cofinanciamento dos plans provinciais e insulares de cooperación.—Consonte o establecido no artigo 5.º do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, para a distribución territorial das subvencións, teranse en conta os seguintes factores e indicadores:

Necesidades de infraestrutura e equipamento local, relativas ó fornecemento a domicilio de auga potable, redes de sumidoiros, pavimentación das vías públicas, iluminación pública, depuración de augas residuais, recolla de residuos urbanos e vertedoiros, avaliadas a través da información contida na enquisa de infraestrutura e equipamentos locais. Tamén se terá en consideración a extensión da rede viaria provincial e insular.

Capacidade financeira das facendas correspondentes, expresada pola relación entre os recursos orzamentarios e a poboación.

Factores socioeconómicos territoriais: a poboación, a superficie territorial, o número de núcleos de poboación, a inversa da renda provincial e a taxa de desemprego.

Execución dos plans precedentes: terase en conta o grao de execución dos plans dos dous anos anteriores.

Cuarto. Condicións dos plans provinciais e insulares de cooperación para obter as subvencións do Estado.—Conforme o previsto no artigo 7, do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, para obteren subvención do Estado, os plans provinciais e insulares de cooperación nas obras e servizos municipais deben cumprir as seguintes condicións:

a) Os investimentos deben ir referidos ós definidos nos números 1.º e 2.º do punto primeiro desta orde ministerial.

b) Os investimentos incluídos anualmente no plan de cooperación con subvención estatal deben contar cunha contribución dos concellos e entidades locais titu-

O lares das obras e servicios non inferior ó cinco por cento do seu importe.

c) A contía do investimento anual das obras con subvención estatal non será inferior a 30.000 euros.

Quinto. *Documentación dos plans provinciais e insulares de cooperación nas obras e servicios de competencia municipal.*—Para efectos de obter subvencións do Estado, os plans provinciais e insulares de cooperación, incluídas as actuacións da rede viaria, se é o caso, estarán integrados polos seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos a que se refire o artigo 36.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en que se fará referencia ó modo en que se produciu a participación dos concellos da provincia e das comunidades autónomas na elaboración do plan.

Na memoria indícarase a metodoloxía seguida na utilización da información contida na enquisa de infraestructura e equipamentos locais, segundo a súa última actualización, para a selección das obras e servicios, en cumprimento do preceptuado no número 2 do artigo 10 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

b) Certificado da relación de obras dos plans provinciais e insulares de cooperación (modelo 1 A).

c) Certificado da relación de obras que integran o plan complementario (modelo 1 C), en conexión co disposto no punto oitavo desta orde referida ós plans complementarios.

Sexto. *Elaboración e aprobación dos plans provinciais e insulares de cooperación nas obras e servicios de competencia municipal.*

1. En cumprimento do artigo 10 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, as deputacións provinciais deben remitir, antes do 1 de abril do ano correspondente ó plan, á Dirección Xeral para a Administración Local os plans provinciais e insulares de cooperación, coa documentación integrante deles relacionada no punto anterior, xunto co seu expediente administrativo de aprobación.

2. Conforme o disposto no artigo 32 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, os plans provinciais e insulares de cooperación inicialmente aprobados inseríranse no «Boletín Oficial» da provincia ou, se for o caso, da comunidade autónoma, para se poderen formular alegacións e reclamacións contra eles, durante un prazo de dez días.

3. O expediente administrativo estará formado polos seguintes documentos:

a) Certificación do acordo de aprobación definitiva do plan ou, se é o caso, certificación de que non se presentaron alegacións ou reclamacións contra o acordo de aprobación inicial e de que o informe do órgano territorial competente da Administración xeral do Estado e o da comisión provincial de colaboración do Estado coas corporacións locais son favorables, ou non se emitiron no prazo establecido, debéndose remitir eses informes, se os houber, xunto coa correspondente certificación.

b) Certificación de que o acto ou acordo de aprobación inicial foi publicado no «Boletín Oficial» da provincia ou da comunidade autónoma uniprovincial, e das alegacións e reclamacións que contra o plan se formularon durante un prazo de dez días, cando for o caso.

c) Informe do delegado do Goberno, do subdelegado do Goberno ou do director insular, segundo proceda, ou se non foi emitido no prazo de dez días desde a recepción do plan, certificación acreditativa desta cir-

cunstancia, conforme o artigo 9 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

d) Informe da respectiva comisión provincial de colaboración do Estado coas corporacións locais ou, no seu defecto, certificación de que non foi emitido dentro do prazo de dez días desde a recepción do plan, segundo o establecido no artigo 9 do citado real decreto.

Sétimo. *Información sobre os investimentos incluídos no plan de cooperación financiados con subvención estatal.*—As obras que integran o plan provincial ou insular de cooperación presentado ó Ministerio de Administracións Públicas relacionadas na certificación da aprobación do plan, no documento normalizado (modelo 1 A para o plan provincial ou insular e modelo 1 C para o plan complementario), deberán figurar nos termos seguintes:

1. A denominación das obras debe ser suficientemente descritiva das actuacións contidas no correspondente proxecto e da súa localización, con indicación do núcleo de poboación onde se leven a cabo, se o municipio consta de máis de un.

Nas obras de mellora e conservación da rede viaria figurarán, ademais, os puntos quilométricos entre os que se executan.

2. Nos proxectos plurianuais, a seguir da descrición das actuacións farase constar esta condición, ben como a anualidade a que se refire o investimento que se inclúe no plan de cooperación.

3. Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, a seguir da descrición das actuacións farase constar a fase a que se refire o investimento que se inclúe no plan de cooperación.

4. As obras deberán ter un número correlativo de identificación, así como un código de referencia segundo a clase de uso ou servizo público a que sexan afectadas, de acordo coa clasificación que consta no anexo III desta orde.

Cando se trate de obras diversas que forman parte dun proxecto complexo para satisfacer máis dun servizo, para a súa catalogación asignaráselle-lo código de referencia correspondente á actuación afecta ó servizo principal do proxecto.

5. O número de identificación, así como o código de obra e a denominación que figuran no plan, deberán manter inalterados en tódolos documentos relativos á súa execución para a súa remisión á Dirección Xeral para a Administración Local, tanto para efectos da tramitación das subvencións como para o correspondente seguimento da súa realización e liquidación.

Oitavo. *Plan complementario.*

1. Segundo o disposto no artigo 8, número 2, do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, as deputacións provinciais aprobarán un plan complementario do plan provincial de cooperación, para a aplicación dos remanentes de subvención estatal que se puidesen orixinar segundo o establecido no artigo 15 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

2. A aprobación do plan complementario poderase producir en unidade de acto coa do plan provincial de cooperación, como parte integrante do mesmo expediente, ou separadamente. O plan complementario aprobado separadamente, se é o caso, está suxeito ós mesmos requisitos de contido, procedemento e prazos que o plan provincial de cooperación.

3. O plan complementario deberá incluír obras independentes, polo que non serán obxecto de subvención os incrementos de custo que se produzan na execución, derivados da reforma dos proxectos para incluí-las obras complementarias que resulte necesario executar como consecuencia de circunstancias imprevistas, coas limi-

tacións establecidas na lexislación reguladora da contratación administrativa.

4. As deputacións provinciais poderán pospo-la consignación do programa de financiamento das obras relacionadas no certificado correspondente (modelo 1 C) ó momento en que decidan e comuniquen ó Ministerio de Administracións Públicas a aplicación dos remanentes de crédito estatal producidos, ben que consignarán a denominación da obra, a súa localización e o importe do orzamento.

5. Aprobado definitivamente o plan complementario, deberá permanecer inalterable en canto ás obras que o integran, ben que a Dirección Xeral para a Administración Local, excepcionalmente, poderá autoriza-la alteración do seu contido con posterioridade á aprobación definitiva, por solicitude motivada das deputacións provinciais con participación dos municipios afectados cando sobreveñan circunstancias que, a xuízo do citado órgano directivo, constitúan causa xustificativa.

6. En concorrencia coas obras do plan complementario que deben aproba-las deputacións provinciais, segundo o disposto no artigo 8.2 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, poderán obter subvención estatal en aplicación dos remanentes que se produzan no crédito asignado ó plan de cooperación, as obras incluídas neste sen contribución do Estado e aquelas que, tendo asignada subvención, sexan dun importe inferior ás porcentaxes previstas no artigo 6 do citado real decreto.

Noveno. Prórroga do prazo para a adxudicación das obras.

1. A solicitude de prórroga do prazo para a adxudicación das obras, prevista no artigo 11 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, será formulada, se é o caso, polas deputacións provinciais, facendo constar, con respecto a cada unha das obras para a adxudicación das cales se solicita prórroga, as circunstancias excepcionais por que a dita adxudicación non pode ter lugar no prazo establecido con carácter xeral.

2. Para o cumprimento do disposto no artigo 49.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unicamente se tramitarán aquelas solicitudes de prórroga que se remitan á Dirección Xeral para a Administración Local cunha anticipación mínima de quince días naturais sobre o prazo de adxudicación establecido (antes do 1 de outubro do exercicio correspondente ó plan).

3. As solicitudes de prórroga que cumplan cos requisitos esixidos para a súa tramitación consideraranse concedidas se no prazo dos quince días seguintes ó cumprimento do prazo de adxudicación antes citado non recaese resolución expresa.

Décimo. Libramento das subvencións.

1. Como requisito previo para o pagamento do 75 por 100 do importe definitivo da subvención concedida, as deputacións provinciais deberán presentar na Dirección Xeral para a Administración Local a certificación de adxudicación da obra (modelo 3 A) ou, se é o caso, do acordo de execución directa das obras (modelo 4 A), antes do 1 de decembro do exercicio correspondente a ela.

Nas obras de carácter plurianual utilizarase o modelo 2 A, segundo corresponda.

2. Para o pagamento do resto ata o 25 por 100 da subvención deberán presentar, antes do 1 de decembro do exercicio posterior, se a obra foi contratada, a certificación final (modelo 5 A) e a acta de recepción emitida conforme o texto refundido da Lei de contratos

das administracións públicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2000, do 16 de xuño; ou a certificación correspondente á terminación da obra que se vaia realizar en cada anualidade no suposto de investimentos de carácter plurianual.

Se foi executada directamente pola Administración, deberase presenta-la certificación final (modelo 6 A) e a acta de recoñecemento e comprobación, nos termos da lexislación reguladora da contratación administrativa.

3. Excepcionalmente, mediante xustificación que será apreciada pola Dirección Xeral para a Administración Local, poderase tramita-lo pagamento da subvención naqueles supostos en que a documentación antes citada sexa presentada con posterioridade ó 1 de decembro do exercicio de que se trate, sempre e cando a mencionada documentación sexa recibida no centro xestor con anterioridade á data límite establecida na orde do Ministerio de Facenda por que se regulan as operacións de feche de cada exercicio, relativas á contabilidade de gastos públicos, sen que en ningún caso sexan obxecto de libramento as subvencións cuxa documentación xustificativa para o pagamento se remita fóra do exercicio orzamentario de que se trate.

Décimo primeiro. Prórroga do prazo para a execución das obras.

1. A solicitude de prórroga do prazo para a execución das obras, prevista no artigo 14 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, será formulada, se é o caso, polas deputacións provinciais facendo constar, con respecto a cada unha das obras para a execución das cales se solicita prórroga, as circunstancias excepcionais por que a dita execución non pode ter lugar no prazo establecido con carácter xeral.

A solicitude deberá conter necesariamente a identificación da obra ou obras afectadas con indicación da duración do prazo que se vai prorrogar, así como pór de manifesto os motivos que impiden a súa terminación no prazo de execución establecido inicialmente ou, se é o caso, prorrogado, debéndose xunta-la xustificación documental que sustenta a dita motivación.

2. Para o cumprimento do disposto no artigo 49.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unicamente se tramitarán aquelas solicitudes de prórroga que se remitan á Dirección Xeral para a Administración Local cunha anticipación mínima de quince días naturais sobre o prazo de execución establecido antes do 1 de novembro do ano seguinte a aquel en que fose concedida a subvención.

3. As solicitudes de prórroga que cumplan cos requisitos esixidos para a súa tramitación consideraranse concedidas se no prazo dos quince días seguintes ó cumprimento do prazo de execución antes citado non recaese resolución expresa.

4. No caso de obras para as cales obtívase prórroga do prazo de execución, a documentación xustificativa para o pagamento do resto ata o 25% de subvención concedida deberá ser presentado polas deputacións provinciais antes do vencemento do prazo de dous meses seguintes á data de terminación da mencionada prórroga.

Décimo segundo. Información sobre o estado de execución.

1. A información sobre o estado de execución das obras establecida no artigo 13 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, será fornecida polas deputacións provinciais á Dirección Xeral para a Administración Local a través da remisión do modelo 7.

0

2. As deputacións provinciais presentarán información separada por plans provinciais ou insulares de cooperación de cada anualidade.

3. A información remitida deberá incluír tódalas obras do plan correspondente aínda que o seu estado de execución non experimentase ningunha alteración durante o semestre natural a que aquela se refira.

4. Unha vez transcorrido o prazo de remisión á Dirección Xeral para a Administración Local da liquidación do plan previsto no artigo 14.2 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, só se incluírá no citado modelo 7 a información relativa a obras que obtivesen prórroga de execución, segundo o establecido no número 1 do citado artigo, cesando esta obriga ó presenta-la documentación xustificativa (certificación final segundo o modelo 5 A ou 6 A) para o cobramento do resto ata o 25% da subvención concedida para as mencionadas obras.

Décimo terceiro. *Liquidación de subvencións*

1. En cumprimento do establecido no número 2 do artigo 14 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, as deputacións provinciais presentarán na Dirección Xeral para a Administración Local, ata o 31 de xaneiro de cada ano, a liquidación dos plans, así como memoria de realizacións atinxidas, o prazo de execución do cal finalizaba o 31 de outubro do ano anterior.

2. A liquidación do plan estará integrada polos seguintes documentos:

- a) Liquidación do plan (modelo 8).
- b) Memoria de realizacións atinxidas na cal se recollerán, cando menos, os seguintes aspectos:

1. Desenvolvemento e execución do plan pola entidade beneficiaria mediante unha exposición sucinta das fases de elaboración e aprobación do plan, adxudicación dos proxectos e/ou acordos de execución directa, aplicación de remanentes e resultados da execución das obras na data de liquidación (31 de outubro).

2. Comparación entre os obxectivos propostos do plan e os atinxidos, pondo de manifesto as desviacións producidas e indicando as medidas correctoras implantadas, se é o caso, ou para ter en conta en exercicios futuros.

3. Incidencias de execución que impedisen a finalización das obras no prazo establecido no número 1 do artigo 14 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, con mención detallada de obras con prórroga solicitada e/ou concedida, así como anuladas, non executadas ou executadas parcialmente de acordo co previsto no artigo 147.5 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño

4. Liquidación de subvención, fornecendo información á data de realización da liquidación sobre subvención certificada ó prazo antedito (correspondente ós importes remitidos á Dirección Xeral para a Administración Local na solicitude do 25% ou resto de subvención), subvención cobrada e solicitada pendente de cobramento, así como subvención que se reintegrará de acordo co exposto nos números 3 e 4 do artigo 14 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

Décimo cuarto. *Reintegro de subvencións.*

1. En atención ó disposto nos números 3 e 4 do artigo 14 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, cando as obras non fosen terminadas no prazo xeral ou no de prórroga, isto significará o reintegro da totalidade de subvencións percibidas relativas a esas obras, por incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención, sen prexuízo doutros supos-

tos de reintegro que se poidan producir de acordo coa lexislación xeral aplicable en materia de subvencións.

2. Non obstante, se o investimento realizado en prazo é susceptible de ser entregado ó uso ou servizo público conforme o previsto no artigo 147.5 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, as deputacións provinciais, a fin de xustificar-la subvención librada e de cuantificar-lo importe que se reintegrará, deberán presentar necesariamente:

a) A acta de recepción parcial daquelas partes de obra susceptibles de seren executadas por fases que poidan ser entregadas ó uso público, segundo o establecido no contrato e que fosen terminadas no prazo xeral ou prorrogado.

b) A certificación á conta que establece o artigo 165 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, por que se aproba o Regulamento xeral de contratación da Lei de contratos das administracións públicas correspondentes ás partes de obra executadas nos citados prazos.

3. A acreditación da recepción parcial mencionada no número anterior producirase, se é o caso, na remisión da documentación acreditativa ó obxecto do libramento do 25% ou resto da subvención, ou como documentación complementaria asociada á liquidación do plan, segundo o exposto no contido da memoria, punto 2.b.4).

Décimo quinto. *Comunicación da aplicación de remanentes de subvención do Estado.*—Cando as deputacións provinciais opten por aplicar os remanentes de subvención estatal producidos polas causas establecidas no artigo 15 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, nas obras do plan complementario ou naquelas incluídas no plan de cooperación sen subvención estatal ou con subvención inferior ás porcentaxes establecidas no artigo 6 do dito real decreto, deberán comunicar esta circunstancia á Dirección Xeral para a Administración Local con carácter previo ou simultáneo á presentación das certificacións de adxudicación das obras (modelo 3 A) ou da resolución ou acordo da súa execución directa pola entidade local (modelo 4 A) e, en todo caso, ata o 15 de decembro do ano do plan.

A comunicación da aplicación dos remanentes efectuarase co envío de certificación segundo o modelo normalizado (modelo 1 C), co programa de financiamento debidamente consignado.

III. **Intervencións comunitarias cofinanciadas polo programa de cooperación económica local**

Décimo sexto. *Contribucións do Estado nas intervencións comunitarias.*

1. Os plans de investimento e os plans complementarios someteranse ós requisitos establecidos nas respectivas intervencións comunitarias, e no referente á obtención, xestión e tramitación da subvención do Estado, ó procedemento, petición de informes e remisión ó Ministerio de Administracións Públicas regulados nos números quinto, sexto, sétimo e oitavo desta orde; utilizando, para tal efecto, as deputacións provinciais afectadas, os modelos normalizados 1 B e 1 D. Respecto á selección de obras e servizos recollidos na memoria xustificativa dos obxectivos aludida no número quinto, deberase facer referencia expresa á correspondencia cun enfoque estratéxico integrado e o modo en que esta se alcanzou na dita selección de proxectos financiados con fondos comunitarios, así como á súa adecuación cos principios establecidos na correspondente intervención comunitaria.

2. A xestión e tramitación das subvencións do Estado axustarase tamén ós puntos que regulan os prazos de adxudicación das obras, os prazos e requisitos para o libramento das subvencións, o trámite de información sobre o estado de execución das obras, o prazo para a liquidación dos plans e a aplicación de remanentes contidos nos puntos noveno, décimo, décimo primeiro, décimo segundo, décimo terceiro, décimo cuarto e décimo quinto desta orde; utilizándose, para tal efecto os modelos normalizados 2 B, 3 B, 4 B, 5 B, 6 B, 7 e 8.

3. Considerando os requirimentos que a normativa comunitaria ten establecidos sobre seguimento e control dos fondos estruturais, a Dirección Xeral para a Administración Local, no ámbito das súas competencias, poderá solicitar das entidades executoras dos programas operativos, logo de traslado de instrucións específicas para tal fin, información sobre o enfoque estratéxico integrado dos investimentos emprendidos, sobre indicadores de seguimento que permitan valoralo grao de execución e calidade dos investimentos, e información sobre a observancia das políticas e directrices comunitarias.

A fin de velar por unha aplicación eficaz e regular de tal normativa comunitaria, e a legalidade dos gastos cofinanciados, a Dirección Xeral para a Administración Local poderá impulsar mecanismos de control interno e supervisión que permitan garantir os principios dunha correcta xestión para aqueles investimentos cofinanciados con fondos estruturais.

4. Para os efectos de presentar ante as autoridades xestoras dos fondos estruturais as «certificacións de gasto realizado», e contribuir á fluidez dos fluxos financeiros da Unión Europea ó Estado e deste ós beneficiarios finais, con carácter trimestral, nos vinte días naturais seguintes ó termo de cada trimestre natural, as deputacións provinciais afectadas deberán remitir á Dirección Xeral para a Administración Local información dos pagamentos realizados en relación con cada unha das obras incluídas nos plans integrados nas intervencións comunitarias aprobadas.

Tal detalle deberá ser acompañado da oportuna «certificación de gasto realizado», como agregación da totalidade dos pagamentos realizados, a cal deberá ser consignada no modelo normalizado para tal efecto pola autoridade nacional responsable da xestión dos respectivos fondos estruturais.

IV. Proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano

Décimo sétimo. *Proxectos singulares. Características.*—Terán a consideración de proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano os proxectos de investimento que respondan a iniciativas locais con proxección nos seguintes ámbitos:

A) **Ámbito territorial.**—Que afecten algún dos territorios seguintes:

1. Municipios capitais de provincia.
2. Municipios con poboación superior a cincuenta mil habitantes.
3. Conxunto de entidades locais con poboación superior a cincuenta mil habitantes, nos termos establecidos no artigo 3.3 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

B) **Ámbito socioeconómico.**—Proxectos relacionados cos seguintes contidos:

1. Que persigan un efecto socioeconómico dinamizador da zona.
2. Que desenvolvan actividades que polas características da zona poidan xera-la creación de novos postos de traballo en ámbitos específicos como os novos viveiros de emprego.

3. Que incorporen a aplicación de novas tecnoloxías.

4. Que contribúan a xerar unha secuencia expansiva do desenvolvemento da zona.

Décimo oitavo. *Condicións para obter a subvención do Estado.*—Sen prexuízo dos requisitos establecidos no Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, en canto á natureza dos proxectos singulares e o seu procedemento de aprobación, unicamente poderán ser obxecto de financiamento con subvención do Estado os proxectos que cumpran as seguintes condicións:

a) Que no financiamento dos proxectos contribúan os concellos e demais entidades locais titulares, cunha contribución non inferior ó 15 por cento do importe do orzamento para que se solicita a subvención.

b) Que os proxectos non fosen adxudicados, para a súa execución, con anterioridade ó ano en que se solicita a subvención.

Décimo noveno. *Documentación integrante dos proxectos singulares.*—Os proxectos singulares que se presenten en solicitude da subvención do Estado deben constar dos seguintes documentos, conforme o establecido no artigo 24 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño:

- A) O proxecto técnico que se pretende executar.
- B) Certificado do programa de financiamento do proxecto en documento normalizado (modelo 1 F), en aplicación do disposto no artigo 24 citado, alínea b), número 4.º, do mesmo real decreto.

C) Memoria descritiva das actuacións que comprende o proxecto, en que se recollerá, polo menos:

1. Denominación do proxecto.
2. Os obxectivos que se pretenden conseguir coa súa execución.
3. Referencia á inclusión do proxecto, se é o caso, nun plan estratéxico de desenvolvemento derivado dun proxecto integral da zona de influencia do ámbito territorial en que o proxecto se leve a cabo.
4. A forma en que a execución do proxecto contribuirá a un maior desenvolvemento local ou urbano no territorio afectado, especificando:
 - a) Número de postos de traballo que se estima que serán necesarios para o funcionamento do servizo ou actividade obxecto do proxecto.
 - b) Número de persoas potencialmente beneficiarias do servizo ou actividade obxecto do proxecto.
 - c) Datos relativos ó índice de desemprego no territorio afectado.

5. A sustentabilidade económica, social e ambiental do investimento a longo prazo.

6. A aplicación, se é o caso, de novas tecnoloxías e a idoneidade para xerar unha secuencia expansiva do desenvolvemento na zona, con indicación da incidencia que o desenvolvemento do proxecto poida ter, se é o caso, na dinamización de determinados sectores económicos ou desde o punto de vista social.

7. A localización das actuacións que se vaian realizar e a relación de municipios afectados se o proxecto comprende máis dun municipio.

8. A dispoñibilidade dos terreos, salvo naqueles casos en que este requisito está dispensado no texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, ben como a dispoñibilidade das autorizacións que foren precisas.

9. Indicación do municipio ou municipios afectados polo proxecto en que concorran, se é o caso, algunhas das circunstancias seguintes, para os efectos do arti-

o go 65 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, de aprobación das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, segundo o previsto no art. 24, d) do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño:

- a) De recoñecido valor histórico-artístico.
- b) De marcado interese turístico.

c) Os que, pola situación ou forma de asentamento da súa poboación, experimenten un maior custo nos servizos considerados esenciais.

d) Os que presenten un índice de expansión extraordinario no aspecto industrial ou urbano.

D) Resumo da memoria conforme o modelo normalizado 1 G.

Vixésimo. Presentación da solicitude de subvención e documentación complementaria.

1. A solicitude de subvención presentarase nos termos sinalados no artigo 23 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, no documento normalizado segundo modelo 1 E e antes do día 1 de marzo do exercicio en que se solicita a subvención.

2. A solicitude, xunto coa documentación integrante do proxecto, relacionada no punto décimo noveno desta orde ministerial, irá acompañada da seguinte documentación, conforme o establecido no citado Real decreto 835/2003, do 27 de xuño:

a) Certificación do acordo de aprobación do proxecto polo órgano competente da entidade titular do proxecto, segundo os artigos 22 e 24, alínea b).1.º, do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, na cal, así mesmo, se faga constar:

O acordo de solicitude da subvención polo mesmo órgano competente, con indicación da contía solicitada e a porcentaxe que representa respecto ó custo total.

O compromiso de habilitación de crédito para financiarlo importe do proxecto na parte que non vai ser obxecto de subvención polo Ministerio de Administracións Públicas.

Axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade, procedentes doutras administracións públicas ou provenientes de fondos comunitarios.

b) Certificado do secretario da entidade local sobre a dispoñibilidade dos terreos, conforme o previsto no citado artigo 24, alínea c), número 7.º, do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño; caso de estar dispensado deste requisito, certificación expedida polo secretario da entidade local acreditativa desta circunstancia.

c) Certificado do secretario da entidade local acreditativo da dispoñibilidade das autorizacións que foren precisas.

d) Informe do delegado do Goberno, do subdelegado do Goberno ou do director insular, segundo proceda, ou se non foi emitido no prazo de dez días desde a recepción do proxecto, certificación acreditativa desta circunstancia, de conformidade co disposto no artigo 22, números 2 e 4, do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

e) Informe da respectiva comisión provincial de colaboración do Estado coas corporacións locais; no caso da Comunidade Autónoma de Cataluña este informe será emitido polo órgano que asuma as funcións das antes citadas comisións provinciais de colaboración. Se o informe non foi emitido dentro do prazo de dez días desde a recepción do proxecto, remitirase certificación acreditativa desta circunstancia, de conformidade co disposto no citado artigo 22, números 3 e 4 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño.

Vixésimo primeiro. *Comisión de valoración. Composición e funcionamento.*

1. De acordo co establecido no artigo 25 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, a comisión de valo-

ración avaliará os proxectos presentados, segundo os criterios de selección recollidos nese precepto, a fin de determina-los proxectos que son susceptibles de obteren subvención do Estado e formula-la correspondente proposta de resolución para a asignación do financiamento estatal con base nesa avaliación e tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias.

2. A comisión de valoración, constituída para tal efecto, terá a seguinte composición:

Presidente: director xeral para a Administración Local ou persoa que legalmente o substitúa.

Vicepresidente: subdirector xeral de Análise Económica de entidades locais ou persoa que legalmente o substitúa.

Tres vocais que serán funcionarios da Dirección Xeral para a Administración Local, coa designación dos seus correspondentes suplentes.

Secretario que será funcionario da Dirección Xeral para a Administración Local ou persoa que legalmente o substitúa: actuará con voz pero sen voto.

3. Os nomeamentos dos vocais e secretario da comisión de valoración efectuaranse por resolución do director xeral para a Administración Local.

4. O funcionamento da citada comisión de valoración realizarase de acordo coas normas de funcionamento dos órganos colexiados previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común, no seu artigo 26, requiríndose, para a súa válida constitución, a presenza do presidente e do secretario ou de quen legalmente os substitúan, e a da metade, polo menos, dos seus membros. A adopción dos acordos realizarase por consenso.

Vixésimo segundo. *Prazo para a adxudicación dos proxectos singulares e prórroga.*

1. Os proxectos obxecto de subvención deberán ser adxudicados, ou acordada a súa execución pola propia Administración, antes do 1 de outubro do exercicio correspondente; este prazo poderá ser prorrogado, pero, en todo caso, a adxudicación ou execución pola propia Administración non poderá ser posterior ó 1 de novembro do dito exercicio.

2. A solicitude de prórroga do prazo para a adxudicación dos proxectos, prevista no artigo 28 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, será formulada, se é o caso, polas entidades locais beneficiarias e solicitantes da subvención, facendo constar, con respecto a cada un dos proxectos para a adxudicación dos cales se solicita prórroga, as circunstancias excepcionais polas cales aquela non pode ter lugar no prazo establecido con carácter xeral.

3. Para o cumprimento do disposto no artigo 49.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unicamente se tramitarán aquelas solicitudes de prórroga que se remitan á Dirección Xeral para a Administración Local cunha anticipación de quince días naturais sobre o prazo de adxudicación establecido (antes do 1 de outubro do exercicio correspondente).

4. As solicitudes de prórroga que cumpran cos requisitos esixidos para a súa tramitación consideraranse concedidas se no prazo dos quince días seguintes ó do cumprimento do prazo de adxudicación antes citado non se dictase resolución expresa.

Vixésimo terceiro. *Libramento das subvencións.*

1. Como requisito previo para o pagamento do importe total da subvención concedida, as entidades

locais beneficiarias e solicitantes da subvención deberán remitir á Dirección Xeral para a Administración Local a certificación de adxudicación das obras (modelo 3 C) ou, se é o caso, do acordo de execución directa das obras (modelo 4 C), antes do 1 de decembro do exercicio correspondente á concesión da subvención.

2. Excepcionalmente, mediante xustificación que será apreciada pola Dirección Xeral para a Administración Local, poderase tramita-lo pagamento da subvención naqueles supostos en que a documentación antes citada sexa presentada con posterioridade ó 1 de decembro do exercicio de que se trate, sempre e cando a mencionada documentación sexa recibida no centro xestor con anterioridade á data límite establecida na orde do Ministerio de Facenda de regulación das operacións de feche de cada exercicio, relativas á contabilidade de gastos públicos, sen que en ningún caso sexan obxecto de libramento as subvencións cuxa documentación xustificativa para o pagamento se remita fóra do exercicio orzamentario de que se trate.

Vixésimo cuarto. Prazo para a execución dos proxectos singulares e prórroga.

1. Os proxectos obxecto de subvención deberán quedar totalmente executados antes do 1 de novembro do ano seguinte a aquel en que fose concedida a subvención.

2. A solicitude de prórroga do prazo para a execución dos proxectos, prevista no artigo 31 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, será formulada, se é o caso, polas entidades locais beneficiarias e solicitantes da subvención facendo consta-las circunstancias excepcionais polas cales a execución non pode ter lugar no prazo establecido con carácter xeral.

A solicitude deberá conter necesariamente a identificación de cada un dos proxectos afectados con indicación da duración do prazo que se vai prorrogar, así como pór de manifesto os motivos que impiden a súa terminación no prazo de execución establecido inicialmente ou, se é o caso, prorrogado, debéndose xunta-la xustificación documental que sustenta a motivación.

3. Para o cumprimento do disposto no artigo 49.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, unicamente se tramitarán aquelas solicitudes de prórroga que se remitan á Dirección Xeral para a Administración Local cunha anticipación mínima de quince días naturais sobre o prazo de execución establecido fixado antes do 1 de novembro do ano seguinte a aquel en que fose concedida a subvención.

4. As solicitudes de prórroga que cumplan cos requisitos esixidos para a súa tramitación consideraranse concedidas se no prazo dos quince días seguintes ó do cumprimento do prazo de execución antes citado non se dictase resolución expresa.

Vixésimo quinto. Información sobre o estado de execución das obras.

1. A información sobre o estado de execución das obras prevista no artigo 30 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, será fornecida polas entidades locais beneficiarias á Dirección Xeral para a Administración Local a través da remisión do modelo 7.

2. As entidades locais beneficiarias presentarán unha relación das certificacións de obras ou de gastos, se as obras as realizou a Administración, que fosen aprobadas durante o semestre natural anterior ós meses de xaneiro e xullo, respectivamente.

3. A información deberá ser remitida aínda que o estado de execución do proxecto ou proxectos non experimentasen ningunha alteración durante o semestre natural a que aquela se refira.

4. A obriga de presenta-la información sobre o estado de execución cesará ó remitirse a liquidación do proxecto.

Vixésimo sexto. Xustificación e reintegro das subvencións.

1. En cumprimento do establecido no artigo 32 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, as entidades locais beneficiarias presentarán na Dirección Xeral para a Administración Local, dentro dos tres meses seguintes ó vencemento do prazo de execución, a certificación final de obra e a acta de recepción, conforme o establecido no artigo 147 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño.

2. En atención ó disposto no punto segundo do citado artigo, o incumprimento dos prazos de execución, quer sexa o prazo xeral quer o de prórroga, comportará o reintegro da totalidade de subvencións percibidas relativas a eses proxectos, por incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención.

Non obstante, se o investimento realizado en prazo é susceptible de ser entregado ó uso ou servicio público conforme o establecido no artigo 147.5 do texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2000, do 16 de xuño, as deputacións provinciais, a fin de xustifica-la subvención librada e de cuantifica-lo importe a reintegrar, deberán achegar necesariamente:

a) A acta de recepción parcial daquelas partes de obra susceptibles de seren executadas por fases que poidan ser entregadas ó uso público, segundo o establecido no contrato, e que fosen terminadas no prazo xeral ou prorrogado.

b) A certificación á conta que establece o artigo 165 do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, de aprobación do Regulamento xeral de contratación da Lei de contratos das administracións públicas correspondentes ás partes de obra executadas nos citados prazos.

V. Disposicións derradeiras

Vixésimo sétimo. Adaptación de referencias.—As referencias ás deputacións provinciais contidas no texto da presente orde entenderanse feitas, nos casos que proceda, ós cabidos, ou consellos insulares, ou comunidades autónomas uniprovinciais non insulares.

Vixésimo oitavo. Plan único de obras e servicios de Cataluña (PUOSC).—De conformidade co establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, a cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais incluídas no Plan único de obras e servicios de Cataluña realizarase a través da Generalitat, nos seguintes termos:

Primeira: con respecto á enquisa de infraestrutura e equipamentos locais aplicarase o previsto no punto segundo desta orde.

Segunda: con respecto ó Plan único de obras e servicios de Cataluña:

a) A Generalitat de Cataluña remitirá á Dirección Xeral para a Administración Local do Ministerio das Administracións Públicas información sobre o Plan único de obras e servicios de Cataluña, unha vez aprobado, consistente no texto do decreto do Goberno da Generalitat de Cataluña, de aprobación do Plan único de obras e servicios de Cataluña da anualidade correspondente.

b) Finalizado o exercicio económico, e non máis tarde do 31 de marzo do exercicio seguinte, a Generalitat de Cataluña remitirá á Dirección Xeral para a Adminis-

0
tración Local unha memoria que conterá, entre outros, un estado de execución do exercicio, indicando as contías totais de compromisos de créditos, obrigas recoñecidas e pagamentos realizados no ano, detallado por cada unha das aplicacións orzamentarias do orzamento de gastos do Estado desde as cales se realizaron as transferencias de crédito, de conformidade cos límites a que se refire o artigo 6 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, desagregado polas anualidades a que corresponden os plans e contendo os proxectos aprobados en cada plan.

Vixésimo noveno. *Utilización de técnicas e medios electrónicos, informáticos e telemáticos para a tramitación das subvencións.*—De conformidade co previsto na disposición adicional cuarta do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, as entidades locais beneficiarias poderán remitir mediante medios electrónicos e telemáticos a seguinte información:

- a) Relación das obras que integran o plan provincial ou insular de cooperación, no modelo 1 A.
- b) Relación das obras do programa operativo local, no modelo 1 B.
- c) Relación das obras do plan complementario de cooperación, modelo 1 C.
- d) Relación das obras do plan complementario do programa operativo local, modelo 1 D.
- e) Información sobre o estado de execución das obras, modelo 7.

A Dirección Xeral para a Administración Local aprobará as instrucións oportunas para a remisión por vía telemática dos demais documentos preceptivos na xestión da cooperación económica do Estado, co formato electrónico que cada un deles deba adoptar para a correcta transmisión.

Trixésimo. *Publicidade das obras.*—Na execución das obras incluídas nos plans provinciais e insulares de cooperación, así como as incluídas nos proxectos singulares, cofinanciadas polo Ministerio de Administracións Públicas deberá figurar no «panel publicitario» descritivo das características da obra ou proxecto esta circunstancia.

A Dirección Xeral para a Administración Local elaborará un modelo orientativo para tal efecto.

Para as obras incluídas no programa operativo local deberanse ter en conta, ademais, as indicacións contidas na normativa da Unión Europea sobre información e publicidade.

Trixésimo primeiro. *Vixencia transitoria.*—A presente orde, dictada para o desenvolvemento e aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, de regulación da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais, aplicarase ós plans provinciais e insulares de cooperación nas obras e servicios de competencia municipal que obteñan contribución estatal, ás intervencións comunitarias aprobadas pola Comisión Europea cofinanciadas polo programa de cooperación económica local e ós proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano que obteñan subvención estatal, que resulten aprobados para o exercicio 2004 e posteriores exercicios.

Os plans provinciais e programas operativos aprobados para exercicios anteriores a 2004 rexeranse pola normativa vixente anterior, ata a súa total finalización.

Trixésimo segundo. *Entrada en vigor.*—A presente orde entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 23 de xaneiro de 2004.

GARCÍA-VALDECASAS SALGADO

ANEXO I**Modelos de documentos**

CÓDIGO	DENOMINACIÓN
1A	Relación das obras que integran o plan de cooperación
1B	Relación dos proxectos de obra que integran o programa operativo
1C	Relación das obras que integran o plan complementario do de cooperación
1D	Relación dos proxectos de obra que integran o programa operativo (plan complementario)
1E	Proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano. Solicitud de subvención
1F	Proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano. Programa de financiamento
1G	Proxectos singulares desenvolvemento local e urbano. Resumo da memoria
2A	Certificado de adxudicación do contrato de obras plurianuais
2B	Certificado de adxudicación do contrato de obras plurianuais (programas operativos da Unión Europea)
3A	Certificado de adxudicación do contrato de obras
3B	Certificado de adxudicación do contrato de obras (programas operativos da Unión Europea)
3C	Certificado de adxudicación de obras para os proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano
4A	Certificado da resolución ou acordo de executar directamente as obras a propia Administración
4B	Certificado da resolución ou acordo de executar directamente as obras a propia Administración (programas operativos da Unión Europea)
4C	Certificado da resolución ou acordo de executar directamente as obras a propia Administración para os proxectos singulares de desenvolvemento local e urbano
5A	Certificado de recepción de obra contratada
5B	Certificado de recepción de obra contratada (programas operativos da Unión Europea)
6A	Liquidación de obra executada directamente pola propia Administración
6B	Liquidación de obra executada directamente pola propia Administración (programas operativos da Unión Europea)
7	Información sobre o estado de execución das obras
8	Liquidación das obras

ENTIDADE (1):

MODELO 1A

NID(11).....

PLAN(3) DE COOPERACIÓN NAS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE ESTRADAS

CÓDIGO (2):

ANO:

RELACIÓN DOS INVESTIMENTOS QUE INTEGRAN O PLAN
(Artigo 8 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño)

D/Da. Secretario(a) de (4)

CERTIFICO: que esta entidade (1) aprobou definitivamente o día..... de de de, o plan de cooperación nas obras e servizos de competencia municipal e de estradas, para o ano....., que está integrado polas obras que se describen a seguir:

OBRA						PROGRAMA DE FINANCIAMENTO					
Núm.	a) Código e denominación da obra (5)	Puntos quilométricos (7)		Orzamento	PARTÍCIPES						
		Inicial	Final		Administración xeral do Estado (MAP)	Comunidade autónoma	Deputación provincial (8)	Concello (9)	Unión Europea	Outros (10)	
	b) Código e denominación do municipio (6)										
	a)										
	b)										
	a)										
	b)										
TOTAIS											

E para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral para a Administración Local, do Ministerio de Administracións Públicas, conforme o punto 1 do artigo 10, do Real Decreto 835/2003, do 27 de xuño, expido esta certificación por orde e co visto e prace do de de de de de de de

O/A

O/A secretario/a

Asdo.

INSTRUCCIÓN PARA CUBRI-LO MODELO 1A

- 1) Natureza da entidade (deputación provincial, cabido ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular) e denominación.
- 2) Nos dous primeiros cadros, indíquese o código da provincia, segundo o Instituto Nacional de Estatística. No terceiro quadro expresárase, se é o caso, o código do cabido ou consello insular, segundo a táboa que figura no anexo II da orde ministerial.
- 3) Provincial, insular ou da comunidade autónoma uniprovincial non insular, segundo proceda.
- 4) A certificación será expedida polo secretario no caso de entidades locais. Se se trata dunha comunidade autónoma uniprovincial non insular, consignárase a denominación do posto de traballo do funcionario que a expide.
- 5) Indicarase o código e a denominación do proxecto, coa maior concreción posible, para a correcta identificación das actuacións, podéndose utilizar para o efecto toda a fila a) correspondente do modelo. A denominación non poderá exceder 150 caracteres.

Cando se trate de proxecto plurianual, farase constar tal circunstancia e a anualidade a que se refire o investimento incluído no plan.

Nas obras correspondentes a unha fase determinada dun proxecto, indicarase a qué fase se refire o investimento.

- 6) Ou, se é o caso, da entidade local que corresponda das indicadas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no artigo 8.4 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais.
- 7) Soamente se o proxecto é de estradas.
- 8) Ou, se é o caso, cabido ou consello insular
- 9) Nesta columna consignárase a contribución do concello ou, se é o caso, da entidade local que corresponda das indicadas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no artigo 8.4 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, de regulación da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais.
- 10) Outras administracións públicas distintas das enumeradas anteriormente, sociedades mercantís, asociacións, fundacións ou persoas físicas, etc.
- 11) Reservado para o tratamento telemático do documento.

ENTIDADE (1):

MODELO 1B

NID(13).....

CÓDIGO (2):

PROGRAMA OPERATIVO.....(3)

ANO:

RELACIÓN DOS PROXECTOS DE OBRA QUE INTEGRAN O PROGRAMA OPERATIVO, COFINANCIADO POLO(4)
(Artigo 19 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño)

D/Da. _____

Secretario(a) de (5) _____

CERTIFICO: que esta entidade (1) aprobou definitivamente o día..... de de a relación de proxectos de obra que se describen a seguir, que integran o programa operativo.....(3), cofinanciado polo Fondo Estructural.....(4), para o ano.....:

OBRA			PROGRAMA DE FINANCIAMENTO				GASTO NON ELIXIBLE	
			ORZAMENTO 1=4+5	GASTO ELIXIBLE				4=2+3 Total
				2. Fondos estruturais	3. Administracións nacionais			
			Indicadores (8)			a) A.X.E. (MAP) (9)		b) Deputación (10)
Núm.	a) Código e denominación da obra (6)	a) Realización	a) a) A.X.E. (MAP) (9) b) Admón. local c) Subtotal	a) a) a) A.X.E. (MAP) (9) b) Deputación (10) c) Concello (11) d) Subtotal	a) a) a) A.X.E. (MAP) (9) b) Deputación (10) c) Concello (11) d) Subtotal	a) a) a) A.X.E. (MAP) (9) b) Deputación (10) c) Concello (11) d) Subtotal		
		b) Resultado					b) b) b) Deputación (10) c) Concello (11) d) Subtotal	b) b) b) Deputación (10) c) Concello (11) d) Subtotal
c) Impacto	Subtotais		Subtotais		c) c) c) Concello (11) d) Subtotal			
			TOTALS					
a)		a)	a)	a)	a)	a)	a)	
b)		b)	b)	b)	b)	b)	b)	
b)		c)	c)	c)	c)	c)	c)	

E para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral para a Administración Local, do Ministerio de Administracións Públicas, conforme o artigo 19, en relación co artigo 10.1, do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, expido esta certificación por orde e co visto e prace do de de

Vº. e pr.

O/A
O/A secretario/a

Asdo:.....

INSTRUCCIÓN PARA CUBRI-LO MODELO 1B

- 1) Natureza da entidade (deputación provincial, cabido ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular) e denominación.
- 2) Nos dous primeiros cadros, indíquese o código da provincia, segundo o Instituto Nacional de Estatística. No terceiro quadro expresárase, se é o caso, o código do cabido ou consello insular, segundo a táboa que figura no anexo correspondente.
- 3) Indíquese a denominación da intervención comunitaria.
- 4) Indicarase o fondo estrutural comunitario que cofinancia o programa.
- 5) A certificación será expedida polo secretario no caso de entidades locais. Se se trata dunha comunidade autónoma uniprovincial non insular, consígnase a denominación do posto de traballo do funcionario que a expide.
- 6) Indicarase o código e a denominación do proxecto, coa maior concreción posible, para a correcta identificación das actuacións.

Cando se trate de proxectos plurianuais ou relativos a diferentes fases, farase consta-la anualidade ou fase correspondente.

Se o proxecto é de estradas, indicaranse os puntos quilométricos entre que se executarán as obras.

- 7) Ou, se é o caso, da entidade local que corresponda das indicadas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no número 4 do artigo 8 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, de regulación da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais; ou consorcios en que participe algunha das entidades locais indicadas no citado artigo 3º da lei, sempre que a obra estea afectada a un servizo de competencia local.
- 8) Débese expresar, necesariamente, a unidade de medida xunto ó valor numérico que se reflicta para cada un dos indicadores.

A unidade de medida de cada un dos indicadores deben gardar relación co código da obra e corresponder a aqueles facilitados por este centro xestor nas instrucións remitidas ó respecto.

- 9) A subvención da Administración xeral do Estado (MAP) desagregárase nas filas 2.a) e 3.a).
- 10) Ou, se é o caso, cabido ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular.
- 11) Nesta columna consígnase a contribución do concello ou, se é o caso, da entidade local que corresponda das indicadas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no número 4 do artigo 8 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, de regulación da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais; ou dos consorcios en que participe algunha das entidades locais indicadas no citado artigo 3º da lei.
- 12) Outras administracións públicas distintas das enumeradas anteriormente, sociedades mercantís, asociacións, fundacións ou persoas físicas, etc.
- 13) Reservado para o tratamento telemático do documento.

ENTIDADE (1):

MODELO 1C NID(12).....

CÓDIGO (2):

PLAN(3) DE COOPERACIÓN NAS OBRAS E SERVICIOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE ESTRADAS

ANO:

RELACIÓN DOS INVESTIMENTOS QUE INTEGRAN O PLAN COMPLEMENTARIO
(Artigo 8 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño)

D/Da. _____
 Secretario(a) de (4) _____
 CERTIFICO: que esta entidade (1) aprobou definitivamente o día..... de de, o plan complementario de cooperación nas obras e servicios de competencia municipal e de estradas, para o ano....., que está integrado polas obras que se describen a seguir:

OBRA		PROGRAMA DE FINANCIAMENTO (5)								
Núm.	a) Código e denominación da obra (6) b) Código e denominación do municipio (7)	Puntos quilométricos (8)		Orzamento	PARTÍCIPES					
		Inicial	Final		Administración xeral do Estado (MAP)	Comunidade autónoma	Deputación provincial (8)	Concello (9)	Unión Europea	Outros (10)
a)										
b)										
a)										
b)										
TOTAIS										

E para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral para a Administración Local, do Ministerio de Administraciones Públicas, conforme o número 1 do artigo 10, do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, expido esta certificación por orde e co visto e prace do de..... de.....

Vº. e pr.

O/A

O/A secretario/a

Asdo:

INSTRUCCIÓN PARA CUBRI-LO MODELO 1C

- 1) Natureza da entidade (deputación provincial, cabido ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular) e denominación.
- 2) Nos dous primeiros cadros, indíquese o código da provincia, segundo o Instituto Nacional de Estatística. No terceiro cadro expresarase, se é o caso, o código do cabido ou consello insular, segundo a táboa que figura no anexo II da orde ministerial.
- 3) Provincial, insular ou da comunidade autónoma uniprovincial non insular, segundo proceda.
- 4) A certificación será expedida polo secretario no caso de entidades locais. Se se trata dunha comunidade autónoma uniprovincial non insular, consignarase a denominación do posto de traballo do funcionario que a expide.
- 5) A entidade poderá pospo-la consignación do “programa de financiamento” ó momento en que se determine a aplicación dos remanentes de crédito, conforme o artigo 15 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, ben que se consignará en todo caso o importe do orzamento.
- 6) Indicarase o código e a denominación do proxecto, coa maior concreción posible, para a correcta identificación das actuacións, podéndose utilizar para o efecto toda a fila a) correspondente do modelo. A denominación non poderá exceder 150 caracteres.
- 7) Ou, se é o caso, da entidade local que corresponda das indicadas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no artigo 8.4 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, de regulación da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais.
- 8) Soamente se o proxecto é de estradas.
- 9) Ou, se é o caso, cabido ou consello insular.
- 10) Nesta columna consignarase a contribución do concello ou, se é o caso, da entidade local que corresponda das indicadas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no artigo 8.4 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, de regulación da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais.
- 11) Outras administracións públicas distintas das enumeradas anteriormente, sociedades mercantís, asociacións, fundacións ou persoas físicas, etc.
- 12) Reservado para o tratamento telemático do documento.

ENTIDADE (1):

MODELO 1D NID(14).....

CÓDIGO (2):

PROGRAMA OPERATIVO.....(3)

ANO:

RELACIÓN DOS PROXECTOS DE OBRA QUE INTEGRAN O PROGRAMA OPERATIVO, COFINANCIADO POLO(4)
(Artigo 19 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño)

D/Da. _____

Secretario(a) de (5) _____

CERTIFICO: que esta entidade (1) aprobou definitivamente o día..... de de a relación de proxectos de obra que se describen a seguir, que integran o programa operativo.....(3), cofinanciado polo Fondo Estructural.....(4), para o ano.....:

OBRA		PROGRAMA DE FINANCIAMENTO (6)				GASTO NON ELIXIBLE
Núm.	a) Código e denominación da obra (7)	Indicadores (9)	GASTO ELIXIBLE			
			ORZAMENTO 1=4+5	2. Fondos estruturais a) A.X.E. (MAP) (10) b) Admón. local c) Subtotal	3. Administracións nacionais a) A.X.E. (MAP) (10) b) Deputación (11) c) Concello (12) d) Subtotal	4=2+3 Total
	a)	a)	a)	a)	a)	a) Entidades locais
	b)	b)	b)	b)	b)	b) Outros (13)
	c)	c)	c)	c)	c)	c) Total
		a)	a)	a)	a)	
		b)	b)	b)	b)	
		c)	c)	c)	c)	
		d)	d)	d)	d)	
	Subtotais					
	TOTAIS					

E para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral para a Administración Local, do Ministerio de Administracións Públicas, conforme o artigo 19, en relación co artigo 10.1 Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, expido esta certificación por orde e co visto e prace do, en, de, de

Vº. e pr.

O/A secretario/a

O/A

Asdo.

INSTRUCCIÓN PARA CUBRI-LO MODELO 1D

- 1) Natureza da entidade (deputación provincial, cabido ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular) e denominación.
- 2) Nos dous primeiros cadros, indíquese o código da provincia, segundo o Instituto Nacional de Estatística. No terceiro quadro exprésase, se é o caso, o código do cabido ou consello insular, segundo a táboa que figura no anexo correspondente.
- 3) Indíquese a denominación da intervención comunitaria.
- 4) Indicarase o fondo estrutural comunitario que cofinancia o programa.
- 5) A certificación será expedida polo secretario no caso de entidades locais. Se se trata dunha comunidade autónoma uniprovincial non insular, consignarase a denominación do posto de traballo do funcionario que a expide.
- 6) A entidade poderá pospo-la consignación do “programa de financiamento” ó momento en que se determine a aplicación dos remanentes de crédito, conforme os artigos 8 e 15 do Real decreto, ben que se consignará en todo caso o importe do orzamento.
- 7) Indicarase o código e a denominación do proxecto, coa maior concreción posible, para a correcta identificación das actuacións.

Cando se trate de proxectos plurianuais ou relativos a diferentes fases, farase consta-la anualidade ou fase correspondente

Se o proxecto é de estradas, indicaranse os puntos quilométricos entre os cales se executarán as obras.

- 8) Ou, se é o caso, da entidade local que corresponda das indicadas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no número 4 do artigo 8 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, de regulación da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais; ou consorcios en que participe algunha das entidades locais indicadas no citado artigo 3º da lei, sempre que a obra estea afectada a un servizo de competencia local.
- 9) Débese expresar, necesariamente, a unidade de medida xunto ó valor numérico que se reflicta para cada un dos indicadores.

A unidade de medida de cada un dos indicadores debe gardar relación co código da obra e corresponder a aqueles facilitados por este centro xestor nas instrucións remitidas ó respecto.
- 10) A subvención da Administración xeral do Estado (MAP) desagregarase nas filas 2.a) e 3.a).
- 11) Ou, se é o caso, cabido ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular.
- 12) Nesta columna consignarase a contribución do concello ou, se é o caso, da entidade local que corresponda das indicadas no número 2 do artigo 3º da Lei 7/1985, do 2 de abril, segundo o disposto no número 4 do artigo 8 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, de regulación da cooperación económica do Estado nos investimentos das entidades locais; ou dos consorcios en que participe algunha das entidades locais indicadas no citado artigo 3º da lei.
- 13) Outras administracións públicas distintas das enumeradas anteriormente, sociedades mercantís, asociacións, fundacións ou persoas físicas, etc.
- 14) Reservado para o tratamento telemático do documento.



MINISTERIO
DE ADMINISTRACIONES
PÚBLICAS

SECRETARÍA DE ESTADO
DE ORGANIZACIÓN
TERRITORIAL DO ESTADO
DIRECCIÓN XERAL
PARA A
ADMINISTRACIÓN LOCAL

SUBDIRECCIÓN XERAL
DE ANÁLISE ECONÓMICA
DE EE.LL

MODELO 1E

NID.....(7).....

PROXECTOS SINGULARES DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO
SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

ANO:

ENTIDADE SOLICITANTE ⁽¹⁾

MUNICIPIO OU ENTIDADE
LOCAL SUPRAMUNICIPAL:
denominación

Código (2)

PROVINCIA denominación

Código (3)

Formúlase esta solicitude baseándose no acordo adoptado por (4) _____.

Para a concesión dunha axuda polo importe de (5) _____ euros, destinada ó cofinanciamento do proxecto descrito a seguir, o orzamento do cal ascende a _____ euros.

DENOMINACIÓN DO PROXECTO:

(6)
O/A

Asdo.:.....

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL PARA A ADMINISTRACIÓN LOCAL
MINISTERIO DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS. Pza. de España, 17 (28008 MADRID)

INSTRUCCIÓN PARA CUBRI-LO MODELO 1E

- (1) Natureza da entidade e denominación (se é concello, comarca, área metropolitana, mancomunidade, deputación, cabido, consello ou comunidade autónoma uniprovincial non insular).
- (2) Código do municipio segundo o Instituto Nacional de Estatística. Cando se trate dunha entidade supramunicipal o código é o correspondente a esta, segundo a táboa do anexo IV desta orde ministerial.
- (3) Nos dous primeiros cadros, indíquese o código da provincia, segundo o Instituto Nacional de Estatística. No terceiro cadro exprésase, se é o caso, o código do cabido ou consello insular, segundo a táboa que figura no anexo II desta orde ministerial.
- (4) Acordo de comisión, pleno ou outro órgano que teña a competencia, ou resolución se é órgano unipersonal.
- (5) Especificar en número o importe da subvención solicitada, que non poderá exceder-lo 50 por 100 do orzamento do proxecto.
- (6) Nome e cargo do representante da entidade solicitante.
- (7) Reservado para o tratamento telemático do documento.

MODELO 1F

NID.....(1).....

ENTIDADE (2)

CÓDIGO (3):

--	--	--

(4)

--	--	--

PROXECTOS SINGULARES DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO

ANO

--	--	--	--

PROGRAMA DE FINANCIAMENTO
(Artigo 24.b). 4º do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño)

D/Dna. _____

Secretario(a) (5) de _____

CERTIFICO: *que por acordo do (6), do día de..... de....., se aprobou o proxecto singular que se describe a seguir, co programa de financiamento previsto e o importe que esta entidade se compromete a achegar, sen prexuízo dos axustes a que dese lugar a obtención doutras axudas, dentro dos límites legalmente establecidos.*

N.º PROXECTO (7)	DENOMINACIÓN DO PROXECTO
CÓDIGO (7)	

PROGRAMA DE FINANCIAMENTO	
ORZAMENTO	
1. Administración xeral do Estado (MAP)	
2. Comunidade autónoma	
3. Deputación provincial	
4. Concello/ entidade local supramunicipal	
5. Unión Europea	
6. Outros	

E para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral para a Administración Local, do Ministerio de Administracións Públicas, conforme o artigo 23 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, expido esta certificación, por orde e co visto e prace do _____, en _____ o _____ de _____ de _____.

Vº. e pr.

O/A _____

O/A secretario/a

Asdo.: _____

INSTRUCCIÓN PARA CUBRI-LO MODELO 1F

- 1) Reservado para o tratamento telemático do documento
- 2) Natureza da entidade (concello, comarca, área metropolitana, mancomunidade, deputación provincial, cabido ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular) e denominación.
- 3) Nos dous primeiros cadros, indíquese o código da provincia, segundo o Instituto Nacional de Estatística. No terceiro cadro expresarase, se é o caso, o código do cabido ou consello insular, segundo a táboa que figura no anexo II desta orde ministerial.
- 4) Indicarase, cando a entidade é un concello, o código do municipio, segundo o Instituto Nacional de Estatística. Nos demais casos utilizarase o código correspondente á entidade supramunicipal segundo o anexo IV.
- 5) A certificación será expedida polo secretario no caso de entidades locais. Se se trata dunha comunidade autónoma uniprovincial non insular, consignarase a denominación do posto de traballo do funcionario que a expide.
- 6) Acordo de comisión, pleno ou outro órgano que teña a competencia, ou resolución se é órgano unipersoal.
- 7) Reservado para a Dirección Xeral para a Administración Local.

MODELO 1G

NID.....(1).....

ENTIDADE (2)

CÓDIGO (3):

PROXECTOS SINGULARES DE DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANO

ANO

RESUMO DA MEMORIA*(Punto décimo oitavo.D) da orde ministerial de aplicación do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño)***1. DENOMINACIÓN DO PROXECTO****2. ÁMBITO TERRITORIAL**

a) Municipio en que se levará a cabo o proxecto

Denominación

Código (4)

Poboación (5)

Superficie en km²

b) Conxunto de municipios en proxectos de entidades supramunicipais

Denominación da entidade territorial

Código (6)

(en relación anexa detalla-los municipios co seu código e a poboación)

Total nº de municipios

Poboación total

Superficie total en km²**3. OBXECTIVOS**

a) Obxectivos inmediatos

b) Logros que se teñen que atinxir a medio ou longo prazo

4. O PROXECTO FORMA PARTE DUN PLAN ESTRATÉXICO DE DESENVOLVEMENTO DERIVADO DUN PROXECTO INTEGRAL DA ZONA DE INFLUENCIA EN QUE ESTE SE LOCALIZA (rísquese o que non proceda)

SI	NON
----	-----

En caso afirmativo, especificar

Nome do plan:

Características principais do plan:

5. INFORMACIÓN SOBRE A INCIDENCIA DO PROXECTO NO DESENVOLVEMENTO DA ZONA AFECTADA POR ESTE

- | | |
|---|--|
| a) Número de postos de traballo estimados para o funcionamento do servizo ou actividade obxecto do proxecto | |
| b) Número de postos de traballo de nova creación para o funcionamento do servizo ou actividade | |
| c) Número de postos de traballo necesarios para a execución material do proxecto | |
| d) Número de persoas potencialmente beneficiarias do servizo ou actividade obxecto do proxecto | |
| e) Sectores socioeconómicos que poden ser beneficiados pola posta en marcha do proxecto. (Especificar con datos estimados a repercusión que o proxecto poida ter a curto ou medio prazo nos sectores de influencia) | |

I

6. INDICAR SE O/OS MUNICIPIOS ESTÁN INCURSOS NALGUNHA DAS CIRCUNSTANCIAS SEGUINTE (rísquese o que non proceda)

a) Zona de recoñecido valor histórico-artístico

SI

NON

b) De marcado interese turístico

SI

NON

c) Que a localización ou forma de asentamento da poboación experimente un maior custo nos servicios considerados esenciais

SI

NON

d) Que presente un índice de expansión extraordinario no aspecto industrial ou urbano

SI

NON

No caso afirmativo, indíquense os datos sobre que se sustenta a devandita afirmación:

INSTRUCCIÓN PARA CUBRI-LO MODELO 1G

- 1) Reservado para o tratamento telemático do documento.
- 2) Natureza da entidade (concello, comarca, área metropolitana mancomunidade, deputación provincial, cabido ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular) e denominación.
- 3) Nos dous primeiros cadros indíquese o código da provincia, segundo o Instituto Nacional de Estatística. No terceiro cadro expresarase, se é o caso, o código do cabido ou consello insular, segundo a táboa que figura no anexo XI desta orde ministerial.
- 4) Código do municipio segundo o Instituto Nacional de Estatística.
- 5) Poboación do municipio segundo a última revisión do padrón municipal.
- 6) Código segundo anexo IV desta orde ministerial.

MODELO 2A

NID.....(17).....

ENTIDADE (1)

CÓDIGO (2):

--	--	--

**PLAN _____(3) DE COOPERACIÓN NAS OBRAS E SERVICIOS
DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DE ESTRADAS**

ANO

--	--	--	--

**CERTIFICADO DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE OBRAS PLURIANUAIS
(Artigo 12 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño)**

D/Dna. _____

Secretario(a) (4) de (5) _____

CERTIFICO: *que esta entidade adxudicou o contrato da obra as circunstancias da cal se expresan a seguir:*

I. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

1. OBRA

a) Denominación (6) _____

b) Número (6)

--	--	--	--

2. MUNICIPIO

a) Denominación _____

b) Código de identificación

--	--	--

3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN (7): _____

4. FORMA DE ADXUDICACIÓN (8) _____

5. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN (9): _____

6. CONTRATISTA

a) Denominación _____

b) CIF/NIF

--	--	--	--	--	--	--	--

7. DATA DA ADXUDICACIÓN _____

II. PLANIFICACIÓN PLURIANUAL

PARTÍCIPIES	ORZAMENTO TOTAL	ANUALIDADES (13)			
		(14)			
1. Administración xeral do Estado (MAP)					
2. Comunidade autónoma					
3. Deputación provincial (10)					
4. Concello (11)					
5. Unión Europea					
6. Outros (12)					
TOTAIS	(15)				

III. CONTRATACIÓN DA OBRA (TOTAL)			
PARTÍCIPIES	1. ORZAMENTO DO PROXECTO	2. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO	3. BAIXA (1-2)
1. Administración xeral do Estado (MAP)			
2. Comunidade autónoma			
3. Deputación provincial (10)			
4. Concello (11)			
5. Unión Europea			
6. Outros (12)			
TOTAIS	(15)		

IV. IMPUTACIÓN DO GASTO, SEGUNDO A ADXUDICACIÓN A CADA ANUALIDADE					
PARTÍCIPIES	TOTAL ADXUDICACIÓN	ANUALIDADES (13)			
		(14)			
1. Administración xeral do Estado (MAP)					
2. Comunidade autónoma					
3. Deputación provincial (10)					
4. Concello (11)					
5. Unión Europea					
6. Outros (12)					
TOTAIS					

V. FRACCIONAMENTO DO PAGAMENTO DO IMPORTE DEFINITIVO DA SUBVENCIÓN DA A.X.E. (MAP) DETERMINADO EN PROPORCIÓN Ó DE ADXUDICACIÓN DO CONTRATO			
ANUALIDADES (13)	SUBVENCIÓN A.X.E. (MAP)	PRIMEIRO PAGAMENTO (75%)	SEGUNDO PAGAMENTO (25%)
(14)			
TOTAIS	(16)		

E para que así conste, e para a súa remisión á Dirección Xeral para a Administración Local, do Ministerio de Administracións Públicas, para os efectos do cobramento do 75 por 100 do importe da subvención a cargo da Administración xeral do Estado, conforme o artigo 12 do Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, expido esta certificación, por orde e co visto e prace do _____ en _____ o _____ de _____ de _____.

Vº. e pr.

O/A _____

O/A secretario/a

Asdo.: _____

INSTRUCCIÓN PARA CUBRI-LO MODELO 2A

- 1) Natureza da entidade (deputación provincial, cabido ou consello insular ou comunidade autónoma uniprovincial non insular) e denominación.
- 2) Nos dous primeiros cadros, indíquese o código da provincia, segundo o Instituto Nacional de Estatística. No terceiro cadro expresárase, se é o caso, o código do cabido ou consello insular, segundo a táboa que figura no anexo correspondente
- 3) Provincial, insular ou da comunidade autónoma uniprovincial non insular, segundo proceda.
- 4) A certificación será expedida polo secretario no caso de entidades locais. Se se trata dunha comunidade autónoma uniprovincial non insular, consignárase a denominación do posto de traballo do funcionario que a expide.
